GONZALO LÓPEZ ABENTE

MONZA DE FRORES BRAVAS PARA NOSA SEÑORA DA BARCA

(POESÍAS INÉDITAS)

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA

1971

CUBERTA:

Retrato de Gonzalo López Abente realizado por don Luis Quintas Goyanes, director do Museu Provincial de Bellas Artes da Cruña.

86. F-9333

GONZALO LOPEZ ABENTE

MONZA
DE FRORES BRAVAS
PARA NOSA SEÑORA
DA BARCA

(FORMAS INÉDITAS)

PUBLICACIONS DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CORUÑA

1971

R.12044

JPP

GONZALO LÓPEZ ABENTE

MONZA DE FRORES BRAVAS PARA NOSA SEÑORA DA BARCA

(POESÍAS INÉDITAS)

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA
1971

Depósito Legal: C - 231 - 1971

Imp. MORET - M. de Amboage, 16 - La Coruña. 1971



GONZALO LÓPEZ ABENTE

(* 1878 - † 1963)

MONZA DE FRORES BRAVAS PARA NOSA SEÑORA DA BARCA

APAÑÓUNAS

GONZALO LÓPEZ ABENTE

"Todos alí van por vela
Na sua barca dourada,
Na sua barca pequena."

(ROSALÍA DE CASTRO)

"¡Ay ruada, ruada, ruada
da Virxen pequena
e a sua barca!"

(FEDERICO GARCÍA LORCA)

NO ADRAL

Decorrendo o ano 1960 o nobre amigo e outo poeta Gonzalo López Abente fíxome confidencia dun feixiño de poesías agaveladas polo seu amor á Virxe muxián e avencelladas co lema *Monza de frores bravas para Nosa Señora da Barca.* «Velehí van ises versos —decíame na carta, remesada dende a brava Muxía— pra encher o teu vagar e pra saber do teu xuicio cara a súa publicación». ¡Probe de min e do meu probe xuicio! Enfeitéi, eso sí, as miñas horas coa demorada leutura daquelas froriñas poéticas, percibín o seu fino recendo espritoal e meditéi sobor da afinidade esencial que aquil mangadiño de composiciós podía ter coa anterior obra poética do autor. Gonzalo López Abente non tiña tocado deica entón en ningún dos seus libros príncipe de poesías, ao menos de xeito escrusivo e con unidade formal, o tema relixioso, nin adoitóu poetizar a súa devoción á Virxen da Barca. Fai falla pescudar moito niles pra atopar composiciós dise tenor. Apenas unha, *A Pedra da Barca,* na que ise tema tócase tanxencialmente, en «Escumas da Ribeira»; outra, *O Santo Cristo de Fisterre,* en «Nemancos». Ningunha máis poidemos alcontrar nin en «Centileos nas ondas» nin no seu libro póstumo «Decrúa». Na súa obra, a paisaxe, enxergada dun xeito simbolista e cósmico que trasparenta no poema *Nosa Señora a Terra,* é a verdadeira fonte de inspiración. E, sobor de todo, o mar, co que íl se identificóu en termos de posesión chamándolle «o meu mar», foi o gran protagonista da súa obra poética. ¿Cál sería, pensaba eu, o motivo de que deixase apagar no seu esprito aquiles outros temas de carís humán, e se alcendese nil, de súpeto, a flama mística?

Sentía, sen dúbida, o poeta que era chegado o tempo de adoviar o esprito pra o derradeiro viaxe. Dende o cume dos seus oitenta anos tendía unha ollada de despedida ao seu amado mundo darredor e,

cos pés afincados na terra nativa, viraba os ollos cara o ceo, presentindo nil o fogar da vida perdurabre. Por iso adicáballe entón, sen dúbida, o froito do seu numen á «Fror do Santuario».

Correspondín ao xeneroso envío e gardéi, coma ouro en pano aquiles versos. Tres anos despóis, cando dabamos terra ao corpo mortal do poeta no outo e recollido camposanto muxián, nun loitoso día, vispra da festividade do Señor Sant-Yago, no que, como si a natureza quixera orquestar o loito, ventaba do nordés e o mar esboufaba contra dos rochedos de alá embaixo, aliviéi a miña mágoa teimando no meu primeiro pensamento: aquil ramallete de versos de feitío enxel e nidio coorido era, sen dúbida, o regalo que o Poeta ofrendaba á «Dona da barca dourada» pra subir pola escada da ialma i entrar, collido da sagra man de Ela, no celeste empíreo onde íl pousaría xa naquil intre.

Mantidas hastra hoxe frescas e vizosas na súa virxinal adicación istas frores bravas, o acordo do pleno da Corporación académica de celebrar o *Día das Letras Galegas* niste ano 1971 baixo da advocación literaria do esgrevio poeta de Muxía, movéu á Xunta de goberno a dálas ao prelo pra ofrecelas por vez primeira á pública ademiración e a maneira de lembranza e homenaxe a seu bó e xeneroso recolleitor. Co que ficóu satisfeito, ao mesmo tempo, o antigo e fraternal anceio de quen había tido o privilexio de gozar delas o primeiro recendo.

SEBASTIAN RISCO

I

SORRINDO NO CAMARÍN

¡Qué aterrada ven a nave!
¡Ben perto pasas de aquí!
¡Ai, quén tivera azas de ave
para brincar onde a ti!
O seu capitán sospira
na popa do bergantín
e a nosa Virxen que o mira
sorrise no camarín.
Fresco vento ínfralle as velas,
fuxe a nave para alén,
aparescen as estrelas
e a nuite calada ven.

A fiel namorada chora
polo lindo bergantín
e segue Nosa Señora
sorrindo no camarín.

II

O MOADOR

¡Oh, qué vagas ben compridas!
¡Qué balbordo atroador!
Mangas de vidro rompidas
no baixío o *Moador;*
tombos de lus irisados
nun escentilar inquedo
e que rolando enfeitados
beixan o inxente rochedo;
rochedo da brava orela,
onde envolveita na bruma
semella a branca capela
unha folerpa de escuma.
Son as vagas máis compridas
e de balbor máis tonante
as que se amostran erguidas
naquel lombo de xigante.
Non chores, nena belida,
non chores por teu amor,
que tés á Virxen querida
vixiando o *Moador.*

III

A OFERTA

Aí ven a fror das fragatas
co seu vello capitán
que escorrentóu os piratas
do noso mar fisterrán.
A fragata remendado
trai o velame nas vergas,
e o capitán, enrugado,
relembra historias antergas:
—Mar azul, illas lonxanas,
naves de ouro, continentes,
desertos e caravanas
de aventuras relucentes—.
A branca capela aberta
olla o capitán agora
e quer comprir unha oferta
que fixo a Nosa Señora:
«A fragata estomballada
do máis outo pendurar
diante da Dona embarcada
que está no meio do altar».

IV

CANTIGA

Reloce a Virxen da Barca
entre a Buitra e o Vilán
i estrícase tras daquela,
para a vere, Touriñán.

V

¿ULO O NOSO AMOR?

Nados nesta costa brava,
entre inxentes penedás
i escumas inmaculadas,
¿ulo o voso amor cordial?
—Védeo, aló, na Dona aquela
que en dourada barca está
dentro da branca capela
que brila na beiramar.

VI

SALVADOS

A ónde van eses tolos,
brincando como cans,
entre os outos penedos,
pola veira do mar?

Unha lanchiña moura
que fixo naufragar,
no seo dunha arnela,
o fero vendaval.

Enriba, nunha ermida,
os anxos a cantar
inspiradas gabanzas
á Raíña do mar.

E vede aqueles loucos,
debruzados no adral,
baixo o doce sorriso
da estrela da mañán.

VII

O PELENGRIN

Qué carga tan pesada
trai aquel pelengrín
que alí ven pola estrada
pregando cara min.

—¿Onde está o encensario
que perfuma a comarca,
a fror do Santuario,
Nosa Virxen da Barca?
Teño a ialma ferida,
o corazón desfeito
e na árbore da vida
dores desfollo a eito—.

* * *

Qué alegre e qué contento
volta aquel pelengrín
que dantes, sen alento,
cangado chegar vin.
Recendo, pas e calma,
dun rexurdir de aurora,
dentro daquela ialma
puxo Nosa Señora.

VIII

COPRA

Dúas pedras de gran sona
Nosa Virxen tén aquí:
A *Nau* que abala, e a *Vela*
que cura o mal dos cadrís.

IX

MOXENA

Polo camiño da Pel
vai para a Barca unha nena
a ver se cura unha pena
que padesce por mor dél.

Aos pés de Nosa Señora
que está embarcada no altar,
vese o vivo escentilar
das bágoas que a nena chora.
Cai do louro camarín
un caravel alcendido:
roxo salaio fuxido
no alento dun serafín.

Polo camiño da Pel
volta san da Barca a nena,
e trai no peito a moxena
bermella dun caravel.

X

O MILAGRE

Suso a Pedra de Abalar
que foi túa nave outrora,
con grandes festas, Señora,
veute un Bispo a coroar.
Non se ouviron aquel día
os asobíos do vento,
nen os balbordos do alento
do mar na costa bravía.
O sol érguese ridente
polo azur, e olla pasmado
o teu trono arrodeado
dunha moitedume inxente.
Neste corruncho perdido
entre mar e firmamento,
¿a qué se debe o portento
de se achar tan concurrido?
Nun escentilante apago
volta o milagre a brilar:
¡Outra rosa a deslumbrar
ao noso Señor Sant-Yago!

XI

A ROMEIRA

Con un ramo de frores
ven a romeira,
chorando as súas dores
pola ribeira.

.....

Polas portas abertas
da ermida, adianta
a arriada de ofertas
feitas á Santa.

.....

Sen o ramo de frores
marcha a romeira
a cantar seus amores
pola ribeira.

.....

XII

EU QUERO NAVEGAR

Orfo dun capitán, lindo mociño,
soñador de arriscadas travesías,
roteiros iñorados e o camiño
que decrúa o solpor nas lonxanías,
entróu no santuario paseniño
e aos pes da Santa que no altar se adora,
na compaña souril do sol e a lúa,
con sinxelo fervor así lle improra:
—Eu quero navegar... ¡Miña Señora,
deixame navegar na barca túa!

XIII

ABALANDO

Erguese a linda alborada
vistida de escentileos
e para que o amado vexa
abre as fiestras do ceo.
Refrega os ollos o sol,
espreguízase e lixeiro
pilla a súa amada e vaise
coela nas azas do vento.
Polos outos fenestrás
a parella entra no tempro
e aos pes da Virxen da Barca
a pregar cai de xoellos.
As Sombras agoniantes
acóchanse nos cornechos.
¡A nuite tírase ao mar
chorando e morta de medo!
O retabro corusquea
de ouro, de lus e contento;
os apóstolos escisman
na ceifa dos envanxeos;
cantan os anxos garridos,
gordos, risoños e ledos,
a redor da milagrosa
Raíña dos universos
que sorrí no camarín
entre brancos candieiros
e froriñas homildosas

de doce e lene arrecendo.
A Virxen deixa o milagre
fuxir do seu duro encerro,
e aló embaixo, diante dela,
con estrondo grave e rexo,
ponse soio a abanear
aquel enorme penedo...
¡Pedra de abalar bieita
que foi nave noutro tempo!

XIV

AVE MARIA

O sol, no lenzo azul, dá a derradeira
pincelada de ensoño, e a pregar
cai de xoellos, devoto, na fogueira
onde se beixan o alto ceu e o mar.
Encomenzan nos cabos torturados
os esgrevios candieiros a locir,
e das somas da nuite os mergullados
luceiros escomezan a sortir.
Érguense os rexos cons arrodeando
a albeira ermida, virxinal mansión,
e o vento, por entre eles, espallando
vai rumores de mística orazón.
As vagas de cristal rompen na orela,
lixando o espazo nú de húmida bruma,
e ao estreitaren de bruzos a capela
vese o milagre buligar na escuma.
Cantan os anxos arredor da Santa
que no seu camarín os abenzoa,
i espertándose o eco tamén canta
e polas amplas bóvedas revoa,
Diante a Virxen, romeiro agradescido,
no aturado balbor da romaría,
só puiden, abraiado do sentido,
co arcanxo repetir: «Ave María».

XV

A MIÑA OFERENDA

Quero entrar na branca ermida
con esta monza de frores...
¡Oh, Virxen santa querida,
meiciña das miñas dores!
Céibame dos duros ferros,
polo meu mal ben ganados,
do remorso dos meus erros
e o negror dos meus pecados.
Dame forteza no peito,
fe e amor no corazón
para sobir polo estreito
camiño da perfeición.
E poida deixar por fin,
Raíña dos meus amores,
dentro do teu camarín
a miña ofrenda de frores.

PRESENCIA DA OBRA DE LÓPEZ ABENTE

Nota limiar

A lírica galega do rexurdimento acada un acento universal na creación de tres poetas: Rosalía Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. O labor por eles encetado ten continuidade —despóis dun tempo no que soio se escoitan voces menores— no que protagonizan Noriega Varela e Ramón Cabanillas; un labor, o déstes, que compartillan, inda que non con folgos tan singulares, Gonzalo López Abente e Victoriano Taibo.

Contaba apenas tres anos de edade López Abente cando saen do prelo *Follas Novas* e *Aires da miña terra.* Tiña pouco máis de oito ao se publicar *Queixumes dos pinos.* Nos días finiseculares recobra a poesía na nosa língua a universalidade que perdera ao esmorecer a lírica ricaz da Edade Meia. E foron mesmamente Rosalía e Curros e Pondal os que teceron o reencontro coa vella liña creadora. Non houbo nos epígonos un alento parello. A voz galega universalizada xurde, outravolta, xa andados os anos primeiros do século XX. Adiántaa Noriega Varela en poemas descritivos que dá a conocer no 1904. Pero soio un algo máis tarde sona en *D'o ermo* con ecos de arte maior. Poucos anos despóis rompe a cantar Ramón Cabanillas, e a partir dos versos de *O desterro* emprincipia a labrar unha obra que ía ter fonda dimensión.

Por entón —pasado algún tempo dende que Noriega dera a conocer os seus versos e encetara Cabanillas a súa produción poética— publica Gonzalo López Abente *Escumas da ribeira* e *Alento da raza.* O novo poeta revela así a súa presencia nos eidos da lírica galega, e o seu nome, co de Victoriano Taibo, anda a ganar prestixio a ca-

rón daquelas dúas primeiras figuras que viñeran arrequecer a veta literaria aberta polos poetas precursores.

A terra natal

Non resulta cousa doada poñerse a falar da obra de López Abente, sin ter dexergado antes a súa terra de Nemancos. Porque a bisbarra natal do poeta, o retiro no que se mantivo isolado, reflexa unha protagonización viva no mesmo cerne da súa poesía. A meirande parte desta poesía é, nefeito, toda unha xeografía madurecida de evocacións, de trasuntos paisaxísticos e incluso de sonoros topónimos. Nela aparez unha vez e outra a vila de Muxía, na que o poeta nacéu e viviu. Deitada amolecedoramente no meio da ribeira, Muxía faille doce compaña aos outos penedáis da costa brava. López Abente evócaa neste e naquel poema. Gosta de dexergala nos días invernizos. Síntea soñar, adormecida, envolveita no mantelo da brétema cando desata a tormenta os seus furores. Noutras ocasións míraa branquexar, aboiada riba das ondas. E albíscaa tamén baixo do ceo, co mar aos pes, como un fleque de terra pendurada pola escuma buligante, ou como unha lima estreita antre os penedos de granito.

Eiquí, nesta vila batida polas vagas salobres, xurdíu á vida o poeta aló polo 24 de marzal do 1878. Sendo moi neno ingresóu no Instituto de 2.º Ensino de Santiago. Fixo nel os estudos de bachillerato. Seguíu logo na Universidade da propia Compostela, os cursos da carreira de Dereito. Cando outivo a Licenciatura, volvéu ao lugar natal. Casóu en Muxía, e en Muxía ficóu viuvo ao pouco tempo do seu casamento. Realizóu unha breve pelerinaxe por terras de Francia, de Bélxica e Holanda. E, outravolta, o regreso á bisbarra nutricia, onde, adicado a negocios bancarios, permanecéu deica a súa morte.

Foi, xa que logo, o mundo do torrón nativo o que lle deu ao poeta ese acento soedoso que singulariza á súa poética. Isolado alí, só dediante da paisaxe e o decorrer dos días, andivo a tecer López Abente o seu canto; un canto no que alenta un algo imborrábel entranado nas verbas ditas na soedade e máis no silencio. El mesmo dí que «volve abatido, triste, desacougado e canso, a pedir acobillo aos currunchos natales, seus amigos da ialma». E quere gozar daquela do paraxe silandeiro, melancónico amigo, a onde se acolle fadigado do vivir.

A terra natal, tan amada, preséntaselle ao poeta en variegadas perspectivas. As máis das veces, nas horas de inverno, cheas de friaxe, envoltas en brétema. Nun intre dado descobre a paisaxe como unha gándara esquiva, na que medran apenas dous carballos tortos e tres piñeiros irmáns. Noutros, revélaselle nas campías que se engruñan, aterecidas, co agarimo xeado do nordés fungador. Agora fítaa dominada por un mar que se desfai en pranto nas orelas, onde se ergue o penedal albeado de escumas. Despóis escoita como ese mar e máis o vento andan a guindar berros atroadores no serán invernizo. E amósanos alí ao Touriñán, coloso enorme apegado ao irto e adusto paraxe montañés, como un índice oucidental, forte, barudo, «o máis longo dedo da galega man». Ou a mole impoñente do Vilán de fora —granito duro na soedade esquiva— como un templo a onde van pregar as gueivotas.

Neste ambente alporizado é onde colle o poeta o alento pra compoñer os seus versos. Un día albisca nel o vóo dunha laberca, a rubir polos ares e a se perder na altura. E entón anceia ser como o paxaro que se remonta ao ceo pra cantar...

O labor poético

Os libros de poesía de López Abente tidúanse *Escumas da ribeira, Alento da raza, Do outono, Nemancos, Centileos nas ondas, Decrúa.* Foron escritos e publicados en tempos moi diferentes, den de a mocedade do autor deica a súa vellez. Pero nuns e noutros, inda que ondeada, mantense a mesma liña creadora que distingue ao poeta: Por unha banda, a marcada afición polo tono heroico pondalián; por outra, un eco máis ou menos acusado das súas leituras modernistas.

O modernismo percutíu, dalgún xeito, na produción lopezabentiana, porque foi un fenómeno esparexido no seu tempo. Sabido é que coas *Prosas profanas* de Rubén Darío —editadas no 1896— chegóu ao ámbito español un século enteiro de poesía francesa. Toda a poesía española que emprincipia a xurdir despóis, nace direita ou indireitamente daquel libro. E, indireitamente, do contacto por meio de Rubén da poética francesa do XIX dende Hugo, pasando polos parnasiáns deica os simbolistas.

Galicia recibíu tamén, inda que con demora, as secuencias do anovamento rubeniano. Cabanillas, por exemplo, incorpórao de cer-

to xeito á súa poesía. E tamén López Abente, pesie a que na liña da súa lírica prevaleza a tradición oitocentista.

Leendo os versos do autor de *Nemancos*, decátase un, nefeito, de que polas regandixas do seu continuismo tradicional, escoa unha bris lixeira de modernismo. E nesa mestura de novecentismo e de modernismo —a partes moi desiguáis— anda a se elaborar a obra poética de López Abente.

Esta obra ten forza e autenticidade. Sin dúbida non chegou a se emparellar coa entidade creadora que peculiariza á de Ramón Cabanillas e á de Noriega Varela. Pero en calquera caso, os poemas do escritor de Muxía contribuíron a arrequecer o labor que protagonizaron os dous grandes persoeiros da lírica inaugural do noso século. A traveso da ollada dos nosos días, a poética de López Abente podería calificárese por algúns de poética circunstancial. Nembargante, no tempo da súa aparición enchéu un cometido e cumplíu unha misión que compre reconocer. Porque nela hai nunha ou noutra medida, e fora da retórica da época, sustancia creadora.

A poesía —folga decilo— consiste nunha íntima vibración do poeta por vías de misterio, comunicada á súa obra. Ven ser un tremer que avanta en música ao longo do ritmo; un abaneo que fai lampexante a imaxe. O poeta está a se nutrir arreo do que a realidade lle ofrece, pra o reverquer ao esterior trocado en materia artística. E mesmamente neste camiño podemos atoparnos coa obra de López Abente.

O tirón máis fondo, o que lle arrinca ao escritor de Muxía vibración aló polo cerne do seu durame, é o da terra natal. No profundo da súa paisaxe familiar, o que máis o abura é o balbor do mar bronco e embravecido. Dende a nenez, a ialma do poeta andivo a se desposar coa fermosa luz nordesía dos horizontes mareiros. Neses horizontes maternos concentróu a cotío o rapaz o seu ensoño. E o poeta veuse sentir como intimidade da paisaxe salgada, mantío que Deus alporiza e que nacéu desa ensoñación de moi cedo. Forma, pois, fluida con sustancia do mesmo solar nutricio, bafo, misterioso embazo da iauga orixinaria.

López Abente era parente de Eduardo Pondal. E non soio parente polo sangue, sinón tamén pola inspiración. O vencello cos xeitos pondaliáns é evidente, xa que logo, no poeta de Muxía. Porén, fállalle a éste o rexo pulo rítmico do autor de *Queixumes;* e fállalle, asemade, o latexo engaiolador do seu lésico.

Nos versos de *Escumas da ribeira* e de *Alento da raza* —que chamaran a atención de Phileas Lebesgue— é onde, sin dúbida, se manifesta máis xurdiamente o eco do poeta da Ponteceso. Refléxase neles, de certo, un rouco acento pondalián, unha forza seria e un algo tristenta, inda que serea.

Aurelio Ribalta deseñóu varias das notas que tipifican a obra primeiriza de López Abente, no limiar que lle puxo a *Alento da raza.* Pra el, este libro é —máis que un atado de cousas inconesas— un soio poema, unha obra de conxunto: O poema da nosa costa brava, a traveso do temperamento do seu autor. Pódese decir que a característica do libro é a forza espresiva. Non hai nel queixas esmorecidas, sinón afirmacións valentes, rexa disposición para a loita, confianza no porvir seguro e venturoso. A esistencia mesma da terra que canta —a costa muxiá— soméllalle ao poeta un poema real, feito vida inmorredoira e solene pola vontade dos deuses.

As estrofas deste poema —dí Ribalta— son o facho e máis a furna, o coído e o areal deserto, os piñeiráis e as irtas gándaras. E, noutro senso, as estrofas son a muiñeira e máis a regueifa, o alalá e o aturuxo. Aló no fondo móvense as figuras: O mozo carreteiro que fala cos bois; a penilleira que pensa en ilusos amoríos facendo encaixe; o pesco que cada mañán volta a emprincipiar a loita contra dun mar que nunca é manso; o labrego acariñado pola brisa que xoga cos seus cabelos; o emigrante «barudo fillo do galego chan».

Romantismo e clasicismo.

Certamente, o poeta de Muxía sinte —xa se dixo— a especial chamada da mar. Mesmo cando canta a montaña, pois trátase da montaña dos seus eidos nativos onde se erguen os graves picos dos fachos, duros, solenes e xotos. Pero no seu verso fan tamén acto de presencia outras paisaxes galegas, evocadas cun sentir descriptivo. Por exemplo, o val fondo, sempre verde, no que grilan os grilos e andan a xogar as volvoretas; ou a ribeira, na que se resumen as fermosuras do monte e do val; ou as rías manseliñas que se deseñan ao lonxe, onde a frorida terra se espella nas augas. E tamén o dolmen, e o castro, e os piñeiros, e o orballo...

Toda esta poesía ten emoción. Pero é mais baril, máis chea de presaxio cando consona coa vibración do esceario mareiro. Porque López Abente era de veta romántica. A fogaxe, a arroutada, o gosto

polas grandes sonoridás, o desenrolo amplo e un algo froxo no que se compracía, son todas notas románticas. Nembargante, a pesares da rachadura que moitas veces sela os seus poemas, acredita, asemede, certa propensión ás formas clásicas.

Onde máis se patentiza ese feitío clásico do poeta é, naturalmente, nos sonetos de *Do outono*. Todos sabemos que se pode facer retórica, e mesmo retórica mala, tanto con sonetos ou décimas como con verso libre. E é posíbel —inda que nada doado— facer gran poesía tanto con sonetos como con verso libre. López Abente atinóu a crear poesía, máis que retórica, nos poemas medidos do seu *Do outono*. Cando os publicóu, o autor, revelándose cultivador de formas clásicas, foi considerado como novo. Novo dentro dos marcos solenes do clasicismo, un pouco rudo e como batido do mar, porque daquela viña ser o seu un a xeito de clasicismo atlántico.

A temática dos sonetos de *Do outono* reflexa un anceio de intimidade do poeta. E a seguido unha denuncia de feitos cos que esa intimidade se atopa. Amosa así o niño de bichocos carniceiros que gardan os homes mintiráns nos profundos abisos do seu mar. Escoita o voio vagaroso do remorso no teebroso tear da medoñenta escuridade. Dexerga un mundo sin cabo, a eterna vida e o infindo poder que esmaga a súa alma infeliz. Sospira por pintar no ceo algo que anda a lér no fondo dos ollos da súa terra. Ouve o berro da sirea rachar o silencio na costa brava. Albisca na altura o albre bicado polo sol, a cantar un himno de amor co son da ramallada. E decátase, ao cabo, de que na ialma do poeta reina xa o outono, e de que o desengano vai afundindo no seu corazón as poutas carniceiras.

Formas clásicas, sí, as que o sonetista percura. Pero a inspiración é unha inspiración barilmente romántica de home da beiramar. Os máis dos poemas de catorce versos tratan temas universáis; revelan os sentimentos primarios e prepotentes da ialma humá; configuran unha lírica suxetiva, inda que describa e anque refira. Pero tras dese tono xeneralizador e suxetivista, está sempre a persoalidade concreta de López Abente inxerida nun mundo tamén concreto: o do país natal.

Ao marxe do libro de sonetos, a obra do autor de *Nemancos* foi calificada como a obra dun poeta do mar. E non hai dúbida que a temática mareira aparez reiteradamente nunha grande parte dos seus versos. Neles preséntanos fermosas visións, descritivas ou non, da costa de Muxía; visións de mar bretemoso, cheas de ulido salobre. Vicente Risco ten falado con bo xeito desas visións mariñei-

ras de López Abente. E con tal motivo cotexaba ao respecto a actitú dos Precursores coa dos Continuadores. Os primeiros, decía, viviron en xeneral de costas viradas ao mar, ollando somente a aldea e a montaña. Veleiquí unha das máis curiosas desemellanzas que Vicente Risco atopa antre os dous tempos: «Os poetas e os escritores do novecentos vóltanse cara o mar, descobriron a poesía, e aínda máis, a enxebreza do mar. O Atlántico hoxe impónse non soio ao noso sentimento lírico, senón ao noso pensamento tamén».

Porén quen máis fixo fincapé na nota tipificadora de López Abente como poeta do mar, foi quizaves Sebastián Risco. No analítico proloquio que antecede ao libro *Centileos nas ondas*, destaca ben nidiamente aquela nota singularizadora. Pra o prologuista, o mar que o libro ofrece é un mar cinguido no esprito do poeta, recreado nel, refundido en fondas e brillantes imaxes cuio escintilar non nos priva de o ver como mar auténtico. *Centileos nas ondas* ven ser así, pra o seu presentador, un fermoso retrato lírico do mar: «Quen como López Abente tivo a sorte de poder intimar coa natureza, chega a facela súa, e elo autoriza a decir que o mar que eiquí nos presenta é o seu: o mar da súa terra nativa é o mar ecoado na súa propia alma».

Eis, pois, o principal motivo inspirador da creación poética do escritor de Muxía. Un motivo que se revela en estrofas vibradoiras unhas veces, alporizándose en fogaxe romántica, e en baruda contención noutras de feitío clásico.

Escritor en prosa

Gonzalo López Abente non se siñificóu soio como poeta. Na súa bibliografía figuran tamén obras en prosa, sobre de todo de tipo narrativo. López Abente foi principalmente un lírico, ben se sabe. Pero un lírico que se non illóu, que non se enrarecéu na cotemplación de sí, pesie a vivir afastado no seu recanto natal. Pola contra, andivo a percurar a comunicación coas xentes galegas e coas angueiras do país. Por iso quixo sentírese solidario desas xentes e desas angueiras, sintonizando cos feitos sociáis e cos costumes populares. E velehí cómo pra se realizar máis compridamente no empeño, coidóu necesario botar man da espresión en prosa. Fo-

ron xurdindo así, de primeiras, as súas narracións breves: *O escándalo, O novo xuez, Buserana, Fuxidos, O diputado por Veiramar.*

Todos estes relatos non supuxeron, xa que logo, un arrequecemento sustancial da nosa literatura narrativa. Mais cumpliron un papel, no tempo da súa aparición. *O novo xuez,* por exemplo, é apenas un pequeno cadro de costumes, case un conto, sin maior trascendencia. Hai nel, nembargante, acertos de idioma e soltura de estilo, e mesmo algunha imaxe nova pra aquel entón que trascende do pasatismo do relato. Tamén o costumbrismo, mesturado con notas realistas, está presente nas páxinas de *Buserana*: un paso de amores contado de xeito sinxelo e con certos rasgos de orixinalidade. *Fuxidos,* pola súa banda, ven ser asemade outra pequena historia amorosa; mais aquí o fondo no que se desenrola é un fondo de mar bravo; o seu balbor e máis o seu recendo salgado síntese ao longo da trama, chea de sinxeleza, e ese mesmo mar remata por rapizar aos dous amantes que a protagonizan, nunha maruxía tráxica. En *O diputado por Veiramar,* López Abente ofrece unha fábula interesante na que tenciona reflexar o clima caciquil do país, a comicidade acugulada de miserias da política galega das vilas. Os retratos dos homes de releve dos pobos miudos están feitos con agudeza, e a figura do señorito que chega a diputado e percorre trunfalmente o seu distrito ten un evidente senso realista. Neste breve relato, como en todos os máis de López Abente, non podía fallar o tema amoroso; un tema que eiquí se amosa con acento emocional, tanto nas relaciós sensuáis de Ampariño como nas idealistas da dona de Remelle.

De entre a producción de López Abente como narrador, a novela máis longa, e quizaves tamén a máis lograda, é *Vaosilveiro.* Trátase dunha narración madurecida, siñificativa e depurada en comparanza cos relatos breves do autor que a precederon. O estilo é un estilo ricaz, abondoso en descricións e en imaxes. O asunto é un asunto mallado nas literaturas de todos os tempos: o do rapaz que se namora da súa madastra. Pero o escritor quérelle dar un acento personal, e trata de o resolver no mundo do esprito. A conxunción de paisaxe e trama amósase nesta novela como na restante narrativa de López Abente. E outravolta é o motivo amoroso o que protagoniza o seu desenrolo. Coa paisaxe como fondo, Don Fins e Dona Elvira tecen unha historia de amor que ven singularizada polo seu bucolismo. Polo máis, a novela ten certo corte realista, pesie á visión romantizada dos feitos que o autor ofrece. O que éste pre-

tende é dar unha imaxe do mundo que contempla, e no que manifesta a súa personalidade lírica, ou a súa íntima natureza individual.

Ademáis de xénero narrativo, tamén cultivóu López Abente o teatro, inda que soio episódicamente. Publicóu un soio libro: *María Rosa*. Trátase dunha peza en prosa, en dúas xornadas, cun prólogo en verso. Como no resto da produción en prosa do poeta, tamén nesta comedia sinxela valse do amor como base argumental, e amosa nela certa tendencia a presentar caracteres ergueitos e nobres; tendencia que responde, quezáis, a súa conceición de algún xeito clásica. Pero fai tamén sentimentalismo, inda que seña un sentimentalismo sin aspaventos, e as máis das veces contido.

Fora da narración e do teatro, o escritor de Muxía ten publicado artigos en revistas e xornáis, nos que acostumaba a se ocupar de temas de actualidade. Moitos deles apareceron no boletín «A Nosa Terra» baixo do rubro xeneral de «Cartas da aldea». Mais a aportación que López Abente ten feito á prosa galega non pasa de ser unha aportación circustancial. A contribución sustantiva á prosa creadora e máis á didáctica e de ensaio, ha chegar máis tarde no noso idioma cos libros que foron producindo uns poucos escritores coetáneos do poeta muxián. Porque éste, ao cabo, pesie a se ter empeñado nunha laboura dinificadora da língua galega, frente ao ruralismo chocalleiro, mantívose na liña tradicional —arrequecida eso sí nos xiros e no lésico— pero sin tencionar o anovamento que os tempos esixían.

A verdadeira personalidade de Gonzalo López Abente hai que a percurar non na súa obra en prosa, sinón na creación poética que nos legóu, e na que soupo asimilar parte do esprito que latexa nos *Queixumes* pondaliáns. O tono heroico dos seus poemas e o enfeblecido eco do modernismo que neles se acusa, dan a medida dunha poesía que sin chegar ao nivel da de Noriega ou da de Cabanillas, ten un siñificado na época na que éstes andan a traballar na literatura galega. Noriega recolle, en certo xeito, o herdo de Rosalía. Cabanillas amósase continuador de Curros. E López Abente, como noutro orde de cousas Victoriano Taibo, síntese seguidor de Eduardo Pondal.

A xeito de epílogo

Un pensa que o canto só é canto, cando tras de rechouchiar na ialma de quen o ergue, repite o seu arrolo no corazón do que o escoita. O canto ha ser comunión ou non é canto. Si non suscita na outra alma, seña a que for, un arreguizo equiparábel ao do poeta, a voz devén inespresiva.

Parécenos que López Abente, pesie a non atinguir unha voz chea, soupo comunicárese cos homes do seu tempo e da súa circustancia. Foi fiel a Galicia, poñéndose a salvo pechado na súa bisbarra natal. Alí andivo a percurar a palabra que importaba: a que o amor besbellea, a que o ideal do país pronuncia. Alguén, alleeiro ao mandado das esencias galegas, podería falar da futilidade do seu canto. Pero el, coa súa canción, tencionóu espresar algo que estaba no cerne mesmo da terra que o víu nacer.

Ahí temos a longa riola dos seus poemas, onde o acento nutricio sobrevive á fría retórica. Os poemas destacan así pola súa forteza, pola súa linguaxe sólida e eficaz. López Abente escribe unha poesía rotunda, aínda na súa desigualdade; unha poesía que non enfeblece, que non se esvae. Trátase da poesía dunha hora de continuismo restaurador, que conxuga unha base tradicional con descobrimentos líricos realizados por aquel entón.

A esperiencia ten un grande interés pra o mundo poético da nosa fala. Ás veces poden anguriar as limitacións espresivas dun lirismo en certo modo convencional. Pero o sentimento aguzado, a forza emocional son merecentes dun voto de confianza, dunha rendida congratulación. E esto non só pola arquitectura do verso, pola posesión íntima da linguaxe ou polo feitío artístico. Tamén, e sobre todo, polo contido vivo, doorosamente «praegnans» da súa intención.

López Abente, pesie a que nos seus poemas o énfase verbal adónase moitas veces das condicións líricas, soupo trocar o mármore difícil en cera capaz de modelar a idea: Así a imaxe vibra no cerne, e o vocábulo estéril xurde con seiva inqueda deica o alporizamento da ialma.

Os poemas derradeiros do poeta —éstes que hoxe presenta a Academia Galega co títduo de *Monza de frores bravas para Nosa Señora da Barca*— semellan un adeus fecundo ao mundo terreo no que estivo sempre mergullado. Con eles tenciona espresar algo que está alén da dór e da miseria dos homes; alén de toda desesperanza e de toda inmisericordia. Porque apunta ao cerne mesmo do certo, e se non detén sinón circustancialmente no circustancial.

Estes poemas poden non ser dos mellores que saíron da pluma de Gonzalo López Abente. Pero están na liña de fidelidade ás mesmas esencias que inspiraron o norde de toda a súa poética. Agora é o aceso prego á Virxe que evocaron Rosalía Castro e García Lorca, relocindo antre a Buitra e o Vilán. A Raíña dos naufraxios, dos peleriños, e do miragre, que preside na súa pedra de abalar —vella barca de noutrora— os camiños que vixía o Touriñán.

Neste Día das Letras Galegas do ano 1971, López Abente fai dende o Alén a súa ofrenda á imaxe lonxana «na súa barca dourada, na súa barca pequena».

SALVADOR LORENZANA

REXISTRO

		Páxina
	No adral, por Sebastián Risco	7
I.	Sorrindo no camarín	9
II.	O Moador	10
III.	A oferta	11
IV.	Cantiga	12
V.	¿Ulo o noso amor?	13
VI.	Salvados	14
VII.	O pelengrín	15
VIII.	Copra	16
IX.	Moxena	17
X.	O milagre	18
XI.	A romeira	19
XII.	Eu quero navegar	20
XIII.	Abalando	21
XIV.	Ave María	23
XV.	A miña oferenda	24
	Presencia da obra de López Abente, por Salvador Lorenzana	25

Rematouse de imprentar o 17 de maio do 1971, "Día das Letras Galegas", nos talleres da Editorial Moret, da Cruña, coa axuda económica de varios entusiastas e exemplares galegos, algúns deles veciños de Muxía, en cuia vila veu a luz primeira o notable poeta Gonzalo López Abente.

REAL ACADEMIA
GALEGA
F-9333